



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Dirección Financeira II		Código	650G01025
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Llano Monelos, Pablo de	Correo electrónico	pablo.de.llano@udc.es	
Profesorado	Llano Monelos, Pablo de Piñeiro Sanchez, Carlos	Correo electrónico	pablo.de.llano@udc.es carlos.psanchez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	A materia pretende forma-los coñecementos e desenvolve-las habilidades básicas precisas para comprende-la problemática financeira da empresa, iniciarse no estudio da teoría financeira e as Finanzas, e manexa-los modelos básicos de traballo. Preténdese tamén que o alumno adquira un dominio a formación da estrutura do pasivo, teoría de cartera, modelos de valoración, interpretación e, os distintos tipos de derivados e a súa valoración.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cómo, onde novos desenvolvementos persoais son necesarios.
A2	CE2 - Auditar unha organización e deseñar planes de consulta (por exemplo lexislación impositiva, inversións, estudo de casos, proxecto de traballo).
A3	CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A4	CE4 - Comprender a estrutura de linguas estranxeiras e desenvolver un vocabulario, Comprender, ler, falar e escribir nunha lingua estranxeira.
A5	CE5 - Comprender a tecnoloxía nova e existente e o seu impacto para os novos/futuros mercados.
A6	CE6 - Comprender os principios da enxeñaría e vincularlos co coñecemento empresarial.
A7	CE7 - Comprender os principios da lei e vincularlos co coñecemento de negocios e xestión.
A8	CE8 - Comprender os principios da psicoloxía, identificar as implicacións para a organización empresarial.
A9	CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A10	CE10 - Comprender e utilizar sistemas contables e financeiros.
A11	CE11 - Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A12	CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A13	CE13 - Xestión dunha compañía a partir da planificación e control, utilizando conceptos, métodos e ferramentas.
A14	CE14 - Xestionar as operacións da empresa.
A15	CE15 - Xestionar os recursos financeiros.
A16	CE16 - Identificar aspectos relacionados e comprender o seu impacto na organización empresarial.
A17	CE17 - Identificar o impacto dos elementos micro e macroeconómicos na organización empresarial.
A18	CE18 - Identificar as características dunha organización.
A19	CE19 - Identificar novos desenvolvementos de organizacións empresariais para afrontar con éxito o entorno cambiante.
A20	CE20 - Identificar e operar o software adecuado. Deseñar e implementar sistemas de información.
A21	CE21 - Identificar e utilizar as ferramentas adecuadas de matemáticas e estatística.
A23	CE23 - Uso de instrumentos para a análise de entornos empresariais.
A24	CE24 - Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.



B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas.
B7	CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinidade, transversalidade e integración nas súas materias.
B8	CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.
B9	CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.
B10	CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionais, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas.
B11	CG6 - Que os estudantes saiban identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.
B12	CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratéxica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.
B13	CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrontarse.
B14	CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Afondar na comprensión da lóxica financeira.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A5	B4	C4
	A10	B5	C5
	A11	B6	C6
	A12	B7	C7
	A13	B8	C8
	A14	B9	
	A15	B10	
	A16	B11	
	A17	B12	
	A18	B13	
	A20	B14	
Comprende-la fundamentación do financiamento.	A1	B1	C3
	A2	B2	C4
	A3	B3	C8
	A4	B4	
	A5	B5	
	A7	B6	
	A9	B7	
	A10	B8	
	A11	B9	
	A13	B10	
	A14	B11	
	A15	B12	
	A16	B13	
	A17	B14	
A18			
A20			
A23			
A24			
Saber explical a estrutura do pasivo e a existencia duna EFO.	A1	B1	C3
	A2	B2	C4
	A5	B3	C6
	A6	B4	C8
	A8	B5	
	A10	B6	
	A11	B7	
	A13	B8	
	A14	B9	
	A15	B10	
	A19	B11	
	A20	B12	
	A21	B13	
	A23	B14	
A24			



Saber desenvolver modelos e aplicar ferramentas informáticas.	A1	B1	C3
	A2	B2	C4
	A3	B3	C6
	A5	B4	C8
	A6	B5	
	A10	B6	
	A13	B7	
	A14	B8	
	A15	B9	
	A18	B10	
	A20	B11	
	A23	B12	
	A24	B13	
		B14	
Saber formular e defender un proxecto financeiro.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A4	B4	C4
	A5	B5	C5
	A7	B6	C6
	A8	B7	C7
	A9	B8	C8
	A10	B9	
	A11	B10	
	A12	B11	
	A13	B12	
	A14	B13	
	A15	B14	
	A18		
	A20		
	A21		
	A23		
A24			

Contidos	
Temas	Subtemas
1 Valoración de empresas.	Valoración de empresas. Obxectivo e especificación do concepto de valor Valor económico e financeiro Valoración patrimonial Valoración baseada en rendas: Gordon-Shapiro Valoración mixta e indirecta O problema dos intangibles
2 A estrutura de pasivo e o seu coste	Estrutura de capital: presentación do problema O apalancamiento Tese RN e RE As teses de M&M Existe unha EFO óptima?



3 Valoración de activos de capital.	<p>Análise de activos de capital: o binomio rendibilidade ? risco</p> <p>Previsión do rendemento e risco para activos individuais</p> <p>Teoría de carteira. O modelo de Markowitz</p> <p>O modelo de Sharpe</p> <p>A introdución dun título sen risco: CAPM</p> <p>CML e SML. Análise da eficiencia</p> <p>Unha visión multidimensional do risco</p>
4 Instrumentos financeiros.	<p>Derivados. Especificación. Obxectivos.</p> <p>Opcións.</p> <p>Warrants.</p> <p>Permutas financeiras: swaps de interese.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A23 A24 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	16	45	61
Solución de problemas	A1 A3 A5 A6 A8 A11 A12 A20 C1 C2 C3 C4 C6 C8	16	44	60
Proba mixta	A1 A3 A5 A6 A8 A11 A12 A20 C1 C3 C4 C6 C8	4	6	10
Seminario	A1 A3 A5 A6 A8 A11 A12 A20 C1 C3 C4 C6 C8	4	0	4
Prácticas a través de TIC	A1 A3 A5 A6 A8 A11 A12 A20 C1 C3 C4 C6 C8	5	6	11
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación dos aspectos básicos dos capítulos. O peso real da lección maxistral na docencia diaria dependerá do grao en que o alumnado desenvolva o traballo persoal preparatorio necesario para que poidamos desenvolver actividades participativas.
Solución de problemas	Actividades prácticas baseadas en exercicios, casos e/ou problemas, individuais ou en grupo. O grao de interactividade dependerá do desenvolvemento do traballo persoal preparatorio por parte do alumnado.



Proba mixta	Probas puntuables con contido teórico e práctico, e cuestións en calquera formato: test, desenvolvemento, análise de casos, exercicios numéricos, etc.
Seminario	TGR a desenvolver no formato e horarios que se determinen, en función das necesidades do grupo.
Prácticas a través de TIC	Tarefas, análise de casos e/ou resolución de problemas empregando recursos TIC. A programación destas actividades dependerá da realización do traballo persoal deslocalizado necesario para a súa preparación.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Solución de problemas Prácticas a través de TIC	As titorías desenvolveranse en formato telemático e, de ser síncronas, previa petición de cita por correo electrónico. Son aplicables os límites que sinala a normativa de dedicación docente do profesorado da UDC e o dereito á desconexión dixital previsto na LO 3/2018. Estes criterios son de aplicación tamén ós alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia. As TGR programaranse coa debida antelación, en dúas sesións, nas datas e formato que conveñan considerando as necesidades do grupo e a situación sanitaria, ata sumar un total de 4 horas.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A3 A5 A6 A8 A11 A12 A20 C1 C3 C4 C6 C8	A cualificación global calcularase sumando o resultado de dúas probas mixtas, cada unha delas valorada sobre 5 puntos, e que poden conter cuestións teóricas e/ou prácticas en calquera combinación de formatos: test, desenvolvemento, casos, exercicios numéricos, etc. Primeira oportunidade: a primeira proba realizarase cara á metade do cuadrimestre, nunha data que se comunicará con antelación, e incluírá a parte da materia que se determine. A segunda, na data que a Facultade designe para o exame final, e referirase exclusivamente á parte da materia non avaliada na primeira proba. Segunda oportunidade: salvo indicación en contrario, ambas realizaranse de forma consecutiva na data que a Facultade acorde para o exame final. A cualificación calcúlase co mellor resultado de cada proba, entre os obtidos na primeira e a segunda oportunidade. Tódalas probas puntuables deberán realizarse na data prevista, coas únicas excepcións que sexan aplicables conforme a normativa académica; en caso contrario computaranse como cero. Os estudantes exentos de asistencia seguirán o programa xeral de avaliación. A oportunidade adiantada avaliarase mediante unha proba mixta de 10 puntos, relativa ós contidos e competencias definidos na guía do curso inmediatamente anterior.	100

## Observacións avaliación



**Formato das probas:** as probas de avaliación realizaranse de xeito presencial e nas datas establecidas, sen perxuízo das excepcións previstas na normativa académica.

No caso de se empregar un formato telemático, aplicaranse as seguintes regras: deberán accederse, realizarse e entregarse nos termos e condicións sinalados en cada caso. Enténdese realizadas se os rexistros da plataforma indican que se accedeu a elas, independentemente de que se rexistren ou non as respostas, e se confirme ou non a entrega. Se omite a confirmación, a actividade entenderase entregada en branco e cualificarase cun cero. O incumprimento das bases da proba suporá a expulsión da mesma, a cualificación cero na mesma e, se é o caso, a incoación de expediente por fraude segundo a normativa académica. Isto aplícase, en particular, ao acceso tardío ás probas telemáticas. O alumnado é responsable de dispor dos medios necesarios para acceder aos recursos electrónicos e, no seu caso, realizar unha avaliación neste formato.

**Fraude:** é de aplicación o previsto no artigo 14 da normativa de avaliación da UDC, e no punto b do apartado 4 do artigo 11 Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC. De acordo co previsto nestas normas, as persoas implicadas serán expulsadas da proba e recibirán una cualificación de cero en ámbalas oportunidades do curso académico, sen perxuízo das responsabilidades disciplinarias adicionais que poidan ser esixibles.

**Instrumentos electrónicos:** salvo autorización expresa, non se permite o acceso á aula con dispositivos electrónicos susceptibles de almacenar e/ou transmitir datos, tales como smart watches, móbiles ou calculadoras intelixentes. A presenza en lugares inxustificadas entenderase motivo suficiente para a expulsión da proba, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

**Idiomas:** a opción por unha lingua concreta para a realización das probas de avaliación deberá realizarse por escrito e dentro da primeira semana lectiva do cuadrimestre en que se imparta a materia, e atenderase na medida en que as posibilidades técnicas e organizativas o permitan.

**Identificación:** o alumnado deberá acreditar fidedignamente a súa identidade de acordo coa normativa vixente.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Piñeiro, C., de Llano, P. (2012). Finanzas Empresariales. Teoría y Modelos con hoja de cálculo.. Andavira, Santiago</li> <li>- de Llano, P., Piñeiro, C. (2010). Elementos fundamentales de dirección financiera. Andavira, Santiago</li> <li>- Piñeiro, C, de Llano, P (2009). Principios y modelos de dirección financiera. Andavira, Santiago</li> <li>- Piñeiro, C, de Llano, P (2009). Dirección financiera un enfoque centrado en valor y riesgo. Delta, Madrid</li> <li>- Doldan F.R. (2003). Dirección financiera de la empresa. Tórculo, Santiago</li> <li>- Piñeiro, C (2003). Técnicas y modelos para la gestión financiera de la empresa. Tórculo, Santiago</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- de Llano, P., Piñeiro, C. (2003). Casos prácticos de gestión financiera. Tórculo, Santiago</li> <li>- de Llano, P., Piñeiro, C. (2007). Modelos de gestión financiera . McGrawHill, Madrid</li> <li>- Dóldan F.R. (2001). Fundamentos de las decisiones financieras empresariales. Tórculo, Santiago</li> <li>- Piñeiro, C., de Llano, P., Álvarez, B. (2006). Dirección financiera modelos de decisión con Excel. Delta, Madrid</li> <li>- Ross Westerfield, Jordan (2010). Fundamentos de finanzas corporativas. McGrawHill, Madrid</li> <li>- Ross Westerfield, Jordan (2010). Fundamentos de finanzas corporativas. McGrawHill, Madrid</li> <li>- Ross Westerfield, Jordan (2010). Fundamentos de finanzas corporativas. McGrawHill, Madrid</li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dirección Financeira I/650G01019

Aplicacións Informáticas para a Empresa/650G01035

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións



## Cumprimento da normativa sanitariaA

participación nas actividades presenciais require inescusablemente o cumprimento estrito das indicacións das autoridades sanitarias, en particular o uso de mascariña protectora e o distanciamento en todo momento. Atenderase ás adaptacións que poidan recibirse da Facultade canto os horarios de entrada e saída escalonados, e todas aquelas circunstancias que poidan afectar á organización da materia. Sobre a metodoloxía A materia está deseñada en estrito cumprimento da distribución de tempos de traballo establecida no plano de estudos, que á súa vez está inspirado no crédito europeo transferible (ECTS) e nas liñas xerais da declaración de Boloña. Neste contexto, as responsabilidades académicas van máis aló de, simplemente, asistir ás aulas. O traballo non remata ó saír da aula (ou finalizar a sesión telemática), e non todo o traballo se fai aquí. O plano de estudos está deseñado para que exista una combinación de traballo presencial de 50 horas, e de 100 horas adicionais de traballo non presencial; estas últimas correspóndense co tempo que un alumno medio debe empregar para as súas tarefas persoais (lecturas, preparación de apuntes, e naturalmente tempo de estudo) e para prepara-las actividades que se van programando ó longo do cuadrimestre (busca de información, análise de documentos, traballos, prácticas baseadas nas TIC, etc.). As sesións presenciais (físicas ou telemáticas) dedicaranse prioritariamente a discuti-los aspectos teóricos básicos da materia, coordina-lo traballo do grupo, resolver dúbidas de carácter xeral, debater e realizar actividades prácticas e interactivas. A partir deste traballo común, prográmase o traballo individual que cada alumno debe desenvolver para a(s) seguinte(s) sesión(s), coa orientación e apoio dos seus profesores cando así o precise.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías